

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de marzo de 2019**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Pablo Pérez Pérez	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 20 de marzo de 2019 , ás 18.05 horas, baixo a presidencia de D. Pablo Pérez Pérez, e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
DEPUTADOS/AS:	
D. Plácido Álvarez Dobaño	
D. José Antonio Feijoo Alonso	
D. Antonio Montero Fernández	
D. Miguel A. Cid Álvarez	
D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas	
D. Vicente Gómez García	
D. José Ignacio Gómez Pérez	
D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez	
D. Armando Ojea Bouzo	
D. Ramiro Rodríguez Suárez	
D. Francisco José Fraga Civeira	
SECRETARIO:	
D. Juan Marquina Fuentes	
INTERVENTOR ACCTAL:	
D. José Mosquera Casero	

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 13 DE FEBREIRO DE 2019.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 13 de febreiro de 2019, non se formulan observacións quedando aprobada co voto favorable do Grupo Popular (7), do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1) e a abstención do deputado don Francisco José Fraga Civeira.

2.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ESTRADA PROVINCIAL OU-0206 VERA-O FURRIOLO, NO MUNICIPIO DE VERA.-

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (7), e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourense (1), do BNG (1) e de don Francisco José Fraga Civeira, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1º.- Resolver as alegacións formuladas polos propietarios das parcelas n.º 2 e n.º 5 da relación de bens afectados, segundo o informe emitido polo do xefe da sección de Patrimonio e Expropiacións, no sentido que se indica a continuación:

a. Alegan os herdeiros de Emilio Martinez Rodriguez, propietarios da parcela n.º 2, que a parcela non é rústica, senón urbanizable. Solicitada ao respecto certificación urbanística ao Concello de Verea, nesta sinalouse que todas as parcelas afectadas pola expropiación teñen a cualificación de solo urbano, polo que procede estimar a alegación e proceder a modificar a cualificación de todas as parcelas, como solo urbano.

b. Alega a propietaria da parcela n.º 5, D.^a M.^a Teresa Valado Andrés, que na súa parcela non se lle valorou un muro existente. Realizada visita de comprobación polos topógrafos do servizo de Vías e Obras, comprobouse que non existe o devandito muro, polo que procede desestimar a alegación.

2º.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da *Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia*.

3º.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no citado artigo da *Lei de estradas de Galicia*.

Predio	Polig.	Parc.	Refer. Catastral	Propietarios	Cualificación	Dominio m ²
1	39	1	32085A03900001	- DIOCESIS DE OURENSE	PRADOS OU PRADARÍAS	345,20
2	39	389	32085A03900389	- HEREDEROS DE EMILIO MARTINEZ RODRIGUEZ	PRADOS OU PRADARÍAS	26,10
3	39	391	32085A03900391	- MANUELA VALADO ANDRES	PRADOS OU PRADARÍAS	8,87
4	39	392	32085A03900392	- BENIGNO DORADO ANDRES	PRADOS OU PRADARÍAS	7,36

5	39	393	32085A03900393	- MARIA TERESA VALADO ANDRES	PRADOS OU PRADARÍAS	28,26
6	39	418	32085A03900418	- HEREDEROS DE MANUELA ANDRES INCOGNITO	PRADOS OU PRADARÍAS	6,07
7	39	417	32085A03900417	- ANTONIO FERNANDEZ GONZALEZ	PRADOS OU PRADARÍAS	5,18
8	39	416	32085A03900416	- CELSA CAMPELO MARTINEZ - MARIA VERISIMA VIDAL CAMPELO	PRADOS OU PRADARÍAS	4,38
9	39	415	32085A03900415	- ANA MARIA CAO GONZALEZ	PRADOS OU PRADARÍAS	14,17
10	39	414	32085A03900414	- MARIA LUZ SANTOS ALVAREZ	PRADOS OU PRADARÍAS	8,28
11	39	413	32085A03900413	- HEREDEROS DE MANUEL NIETO RIVERO	PRADOS OU PRADARÍAS	26,31
12	39	412	32085A03900412	- HEREDEROS DE ANTONIO NIETO NIETO	PRADOS OU PRADARÍAS	18,12
13	39	411	32085A03900411	- CARMEN MARTINEZ PARADA	PRADOS OU PRADARÍAS	63,47
14	39	410	32085A03900410	- JOSEFA FERNANDEZ RODRIGUEZ	PRADOS OU PRADARÍAS	26,83
15	39	409	32085A03900409	- MANUELA VALADO ANDRES	PRADOS OU PRADARÍAS	23,97
16	39	408	32085A03900408	- MANUEL BLANCO FERNANDEZ	MATAGUEIRA	3,43
17	39	406	32085A03900406	- JOSEFA MIGUEZ FERNANDEZ - PILAR MIGUEZ FERNANDEZ - JOSE MIGUEZ FERNANDEZ	MATAGUEIRA	4,80
21	45	87	32085A04500087	- MANUEL VIDAL BALBIS	PRADOS OU PRADARÍAS	23,43
22	45	180	32085A04500180	- HEREDEROS DE CELSA GONZALEZ DORADO	LABOR OU LABRADÍO SECAÑO	10,14
23	45	181	32085A04500181	- MARIA DOLORES FERNANDEZ GONZALEZ	PRADOS OU PRADARÍAS	17,99
24	45	182	32085A04500183	- HEREDEROS DE MANUELA ANDRES INCOGNITO	PRADOS OU PRADARÍAS	13,88
25	45	183	32085A04500183	- HEREDEROS DE MANUELA ANDRES INCOGNITO	PRADOS OU PRADARÍAS	6,64
26	45	184	32085A04500184	- SERAFIN FERNANDEZ RIVERO	PRADOS OU PRADARÍAS	5,24
27	45	190	32085A04500190	- FELIX PARADA MARTINEZ	PRADOS OU PRADARÍAS	4,57
28	39	254	32085A03900254	- JOSE ALONSO FIDALGO	MATAGUEIRA	63,16
29	39	253	32085A03900253	- JOSE ANTONIO QUINTAS KOHNEN	MATAGUEIRA	9,77
30	39	339	32085A03900339	- HEREDEROS DE GENOVEVA SUAREZ GONZALEZ	MATAGUEIRA	47,18
31	39	422	32085A03900422	- DEPUTACIÓN DE OURENSE	MATAGUEIRA	76,77
32	39	423	32085A03900423	- DEPUTACIÓN DE OURENSE	MATAGUEIRA	24,62
33	45	194	32085A04500194	- HEREDEROS DE CONCEPCION FERNANDEZ NIETO	LABOR OU LABRADÍO SECAÑO	67,89
34	39	251	32085A03900251	- SERVANDO ALONSO FERNANDEZ	PRADOS OU PRADARÍAS	16,47
35	39	250	32085A03900250	- ARGIMIRO GONZALEZ FERNANDEZ	PRADOS OU PRADARÍAS	44,15
36	39	249	32085A03900249	- SERVANDO ALONSO FERNANDEZ	PRADOS OU PRADARÍAS	2,99
37	40	464	32085A04000464	- COMUNIDAD DE VECIÑOS DE CARBALLO	PRADOS OU PRADARÍAS	85,06
38	39	243	32085A03900243	- COMUNIDAD DE VECIÑOS DE VERA	MATAGUEIRA	48,82

4º.- Publicar e notificarlles este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

3º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á POSTA EN VALOR DO BIDUEIRAL DE MONTEDERRAMO.-

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, expón o contido da moción.

Non se producen intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (1), o voto en contra do Grupo Popular (7) e a abstención do Grupo Socialista (3), do BNG (1) e de don Francisco José Fraga Civeira.

4º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE ACCIÓNS COS CONCELLOS QUE SOFREN DESPOBOAMENTO EN MATERIA DE EMPREGO E VIVENDA.-

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

No se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (7), de Democracia Ourensana (1), do BNG (1) e de don Francisco José Fraga Civeira, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Primeiro.- A Deputación Provincial de Ourense, en colaboración cos concellos afectados polo despoboamento e o envellecemento, impulsará durante 2019 a posta en marcha de programas de desenvolvemento e fomento de emprego co financiamento que se vaia acordando, con cargo ao remanente de crédito, en concreto nas seguintes materias:

- 1.- Un plan específico para a rehabilitación de vivendas desocupadas, coa finalidade de crear bolsas de alugueiro con opción a compra para familias novas que queiran residir neses núcleos.
- 2.- Un plan específico de fomento do emprego con medidas que favorezan a posta en funcionamento de iniciativas individuais ou de cooperativas e talleres.
- 3.- Unha liña de axudas específica para favorecer a instalación ou ampliación de novas actividades vinculadas ao territorio.

Segundo.- A Deputación xestionará que eses proxectos contén co suficiente apoio económico, esixindo achegas dos gobernos da Xunta de Galicia e do Estado, en función das obrigas de cada administración.

5º.- MOCIÓN DO BNG A RESPECTO DO PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA DA XUNTA DE GALICIA.-

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, expón o contido da moción.

Non se producen intervencións e co voto favorable do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (7), do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e de don Francisco José Fraga Civeira, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Instar á Xunta de Galicia a:
 - a) Que elabore un Plan integral de transporte e mobilidade sostible a partir dun amplo proceso de diálogo e participación social e institucional, cousa que non ten acontecido.
 - b) Reordenación do transporte público por estrada a partir de necesidades e estudo de demanda, con alternativas diferenciadas e complementarias para as áreas urbanas, metropolitanas e rurais.
 - c) Defensa dos postos de traballo e do tecido empresarial do país fronte as grandes multinacionais do sector.

6º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, trasládalle un rogo ao presidente da comisión (do que tamén fai entrega por escrito) sobre unha queixa dos veciños en relación co cruzamento de incorporación no lugar de Cerreda (Nogueira de Ramuín), estrada provincial OU-0508, solicitando que se poña un espello, xa que ofrece bastante perigo e xa houbo contratempos de tráfico.

O **presidente** da comisión toma nota do rogo.

E, ás 18.15 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.